



Proxectos en común Buscando cooperar

31 de maio de 2016

10 – 14 horas

Aula soto 2º da Entidade da Rede Eusumo - Agaca
Rúa Tomiño, nº 22 – Entrechán – Santiago de Compostela

UGACOTA convida a que veñas a coñecer **experiencias e grupos que cooperan**, unhas aproveitaron os recursos públicos para dar un pulo as súas iniciativas de intercooperación, e outras levan adiante a intercooperación como estratexia de seu, como parte da filosofía cooperativa sen contar con apoios específicos. Poderás tamén, **presentar as túas propostas colectivas**, ampliar axenda, **coñecer colaboradoras**, e **imaxinar proxectos comúns**. Ven ademais a coñecer algúns apoios e **axudas públicas** que ofrecerá, proximamente, o goberno galego, a través do **Programa de Intercooperación e Integración Empresarial**.

1

Partimos dun dos valores cooperativos máis sonado e significativo para o sector, a **Intercooperación**:

o principio que dá peso a que, nas relacións entre as cooperativas prevalece a **colaboración** sobre a competencia. Unha boa pauta identitaria das cooperativas que promociona **unirse** para asumir proxectos de maior dimensión, para buscar solucións, ou para cubrir necesidades comúns.

2

O encontro darache **modelos para intercooperar**, casos que xa puxeron en práctica distintas estratexias de colaboración para diversas necesidades e en diferentes campos. Poden ser unha inspiración na que fixarse e un exemplo do que aprender.

3

Asistirán cooperativas, sociedades laborais, e outras entidades, polo que será unha boa oportunidade para **lanzar as vosas propostas de proxectos colectivos de intercooperación**, así como **coñecer potencias cooperantes**, hai previsto un espazo dentro do encontro para intercooperar e facer **Rede de Traballo**.

4

Ademais, a convocatoria de **axudas** que financiará parcialmente gastos para a intercooperación, está moi próxima a saír, a partir da súa publicación haberá un mes de prazo para presentar solicitudes. O encontro darache claves informativas sobre os apoios públicos dos que vos podedes beneficiar as cooperativas e sales para algunhas iniciativas colaborativas.

INSCRIPCIÓNS

Telf. 986 13 65 92 – nuria@ugacota.coop – Preme [Aquí](http://www.ugacota.coop)
www.ugacota.coop

PROGRAMA

10.00 Recepción

10.30 **Programa Intercooperación e Integración Empresarial**

Axudas públicas para intercooperar

11.00 Mesa de experiencias

Nós xa o fixemos: Intercooperando

- **Rede SAL**

Traballo colaborativo entre cooperativas sen ánimo de lucro

- **O Tendal**

Rede de servizos de posicionamento no mercado para cooperativas e sales

- **Galicia Economía Social Creativa**

Rede de intercooperación no sector cultural

- **Grupo Simbiose**

Rede de traballo no sector do medio ambiente e patrimonio

- **Destavai**

Grupo de traballo de sociedades laborais na cultura

- **Promoción conxunta no sector agroalimentario**

Eventos e feiras autonómicas, estatais e internacionais

- **Proxecto Batefogo**

Rede para prevención de lumes forestais a través da intervención social

12.45 **Facendo Rede de Traballo - Café**

Espazo para propostas de intercooperación (Presentación de "Wine Road do Atlántico"), e mais para coñecer potenciais colaboradoras

14.00 Fin do encontro

COLABORA



FINANCIA



XUNTA
DE GALICIA